

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



Exp.: 18923-101

MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO.

1.- OBXECTO

O presente contrato ten por obxecto a contratación da prestación do subministro de flores para actos institucionais.

Dentro do obxecto do contrato inclúese: as flores, a manipulación e os arranxos florais dos ramos, centros florais ou coroas e mais transporte e entrega no lugar de destino.

2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

2.1.- Orzamento base de licitación

O orzamento máximo de licitación é de **14.493,38 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 10% de ive **1.317,58 €**

Prezo con ive: **14.493,38 €**

Prezo sen ive: **13.175,80**

Importe 10% ive: **1.317,58 €**

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial.

Para a fixación do orzamento de licitación tívose en conta os prezos dos contratos similares tramitados pola Alcaldía nos tres últimos anos, o custo que este tipo de subministros ten no seu sector profesional, así como a referencia de prezos que este tipo de empresas deste ámbito están a ofrecer, resultando a seguinte desagregación de custos directos e indirectos:

2.1.a) .-Prezos unitarios de cada un dos catro lotes.**LOTE 1: Prezo unitario 52,70 € (ive incluído)**

UNIDADES	CONCEPTO DO SUBMINISTRO	PREZO UNITARIO €	IMPORTE TOTAL LOTE 1 €
140 vodas 25 acollementos 5 eventos (170 total)	Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais (inclúe flores, manipulación e arranxo dos centros decorativos, portes de envío e entrega).	40,00	6.800,00
	Total custos directos lote 1		
	13% Gastos xerais	5,20	884,00
	6% Beneficio Industrial	2,71	461,04
	Total custos directos e indirectos	47,91	8.145,04
	IVE 10%	4,79	814,50
	TOTAL (IVE incluído)	52,70	8.959,54

LOTE 2: Prezo unitario por evento: 1.054,06 € (ive incluído)

UNIDADES	CONCEPTO DO SUBMINISTRO	PREZO UNITARIO €	IMPORTE/€
2 con 10 centros decorativos para cada escenario/evento	Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais (inclúe flores, decoración vexetal, manipulación e arranxo dos centros decorativos, portes de envío e colocación no escenario).	800,00	1.600,00
	Total custos directos lote 2	800,00	1.600,00
	13% Gastos xerais	104,00	208,00
	6% Beneficio Industrial	54,24	108,48
	Total custos directos e indirectos	958,24	1.916,48
	IVE 10%	95,82	191,64
	TOTAL (IVE incluído)	1.054,06	2.108,12

LOTE 3: Prezo unitario por evento: 118,58 € (ive incluído)

UNIDADES	CONCEPTO DO SUBMINISTRO	PREZO UNITARIO €	IMPORTE/€
20	Ramos/centros conmemorativos ou ramos/centros funerarios (inclúe flores, inclúe flores, manipulación e arranxo dos centros decorativos, portes de envío e entrega).	90,00	1.800,00
	Total custos directos lote 3	90,00	1.800,00

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



	13% Gastos xerais	11,70	234,00
	6% Beneficio Industrial	6,10	122,04
	Total custos directos e indirectos	107,80	2.156,04
	IVE 10%	10,78	215,60
	TOTAL (IVE incluído)	118,58	2.371,64

LOTE 4: Prezo unitario 263,51 € (ive incluído)

UNIDADES	CONCEPTO DO SUBMINISTRO	PREZO UNITARIO	IMPORTE/€
4	Coroas conmemorativas ou funerarias (inclúe flores, manipulación e arranxos florais da coroa, portes de envío e entrega).	200,00	800,00
	Total custos directos lote 2	200,00	800,00
	13% Gastos xerais	26,00	104,00
	6% Beneficio Industrial	13,56	54,24
	Total custos directos e indirectos	239,56	958,24
	IVE 10%	23,95	95,82
	TOTAL (IVE incluído)	263,51	1.054,06

2.1.b) .-Custos totais do contrato (ive incluído).

LOTE	UNIDADES	CONCEPTO DO SUBMINISTRO	IMPORTE/€
LOTE 1	(170 total)	Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais (inclúe flores, inclúe flores, manipulación e arranxo dos centros decorativos, portes de envío e entrega).	6.800,00
LOTE 2	Decoración de 2 escenarios.	Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais (inclúe flores, manipulación e arranxo dos centros decorativos, portes de envío e entrega colocación no escenario).	1.600,00
LOTE 3	20 unidades	Ramos ou centros conmemorativos ou funerarios (inclúe flores, inclúe flores, manipulación e arranxo dos centros decorativos, portes de envío e entrega).	1.800,00
LOTE 4	4 unidades	Coroas conmemorativas ou funerarias (inclúe flores, manipulación e arranxo dos centros decorativos, portes de envío e entrega).	800,00
		Total custos directos dos 4 lotes	11.000,00
LOTES 1,2,3		13% Gastos xerais	1.430,00

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



e 4			
LOTES 1,2,3 e 4		6% Beneficio Industrial	745,80
		Total custos directos e indirectos	13.175,80
LOTES 1,2,3 e 4		IVE 10%	1.317,58
		TOTAL (IVE incluído)	14.493,38

2.2.- Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017.

De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a 52.703,20 euros. (anualidade máis tres anos de prorroga).

No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

2.3.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluirá, como partida independente o ive.

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

2.4.- Anualidades

Primeira e única anualidade: do 1 de xuño de 2022 ao 31 de maio de 2023

Ano 2022: 8.454,47 €

Ano 2023: 6.038,91 €

1º Prorroga: do 1 de xuño de 2023 ao 31 de maio de 2024.

Ano 2023: 8.454,47 €

Ano 2024: 6.038,91 €

2º Prorroga: do 1 de xuño de 2024 ao 31 de maio de 2025.

Ano 2024: 8.454,47 €

Ano 2025: 6.038,91 €

1º Prorroga: do 1 de xuño de 2025 ao 31 de maio de 2026.

Ano 2025: 8.454,47 €

Ano 2026: 6.038,91 €

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



3.- PRÓRROGAS

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións por tres anos. En consecuencia a duración máxima do contrato será de corenta e oito (48) meses. En calquera caso, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada

4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) da Alcaldía correspondente aos exercicios dos anos 2022 e 2023.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Existen na actualidade 2 contrato menores para dar cobertura a este subministro en tanto non estea resolto o presente expediente: Expediente 18881-101 Subministro flores para actos institucionais; e 18890-101 subministro flores vodas e acollementos civis.

5.-REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a presentación das correspondentes facturas con suxeición aos requisitos que establece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) GE0000575 – Servizos Económicos
- b) L01360577 – Concello de Vigo
- c) GE0000668 – órganos de Goberno

Vigo na data da sinatura dixital

A Xefa da unidade administrativa da Alcaldía, Luz María González Domínguez

CONFORME,

A Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.-

ALCALDÍA

**CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE
VIGO**



Patricia Rodríguez Calviño.